



## PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 23-07-2020, ditou a resolución con número 1709/2020 que deseguido se transcribe:

### RESOLUCIÓN

**Nomeamento do órgano de selección, listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, data para a valoración de méritos da fase de concurso e, data da realización do exercicio da fase de oposición do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais e 3 operarios de motobomba (2020/E001/000010).**

#### Antecedentes.

**Primeiro.**- Por Resolución de Alcaldía núm. 1559/2020 con data 01 de xullo de 2020, aprobáronse as bases e convocatoria do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal dun xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, así como, de tres operarios de motobomba.

Na mesma resolución convocábase o proceso de selección do persoal citado nesas bases e ordenaba a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na prensa e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

A convocatoria publicouse no BOP da Coruña núm. 103 de 08/07/2020.

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de instancias e logo de examinar as solicitudes presentadas xunto coa documentación que as acompaña, de acordo co sinalado nas Bases quinta e sexta da convocatoria, pola presente, **RESOLVO:**

**Primeiro.**- Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as (Anexo I, II, III e IV) e excluídos/as (Anexo V) no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal dun xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, así como, de tres operarios de motobomba.

**Segundo.**- Designar o Órgano de Selección previsto na base sexta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

#### Presidente:

- Titular: **D. José Luis Barca Añón**, Xerente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.
- Suplente: **D<sup>a</sup>. Susana Mariño Lorenzo**, Técnica de Administración Xeral do Concello de Carballo.

#### Vocais:

- Titular: **D. Ramón Díaz Martínez**, Axente Medioambiental do Distrito II.
- Suplente: **D. José María Mosquera Manteiga**, Axente Medioambiental do Distrito II
  
- Titular: **D. Ramón Pérez Barrientos**, Coordinador de Protección Civil do Concello de Muxía.

- Suplente: D. **Maurio Calvo Vidal**, Suboficial - coordinador do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña.
  
- Titular: D<sup>a</sup>. **María Eugenia López Balbís**, Auxiliar Administrativa do Servizo Municipal de Protección Civil do Concello de Carballo.
- Suplente: D<sup>a</sup>. **Matilde Pilar Varela Andrade**, Administrativa do Concello de Carballo.

**Secretario/a:**

- Titular: D. **Vitor Recarei Añón**, Auxiliar Administrativo do Concello de Carballo.
- Suplente: D<sup>a</sup>. **María Luz Fernández Sandá**, Auxiliar Administrativa do Concello de Carballo.

Os membros do Tribunal poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Terceiro.-** De acordo coa base sexta da convocatoria, nomear como asesores/as especialistas do Tribunal, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas:

- D. **Fernando Mosteiro Pereira**, Médico do Servizo Galego de Saúde e profesor da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).
- D. **Francisco Javier Souto Facal**, Xefe do Servizo Municipal de Protección Civil do Concello de Carballo.

**Cuarto.-** Convocar a todos os membros do tribunal para a **valoración de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **luns 27 de xullo de 2020**, ás **09:30 horas**, na Base de Protección Civil de Carballo situada na Avda. do Ambulatorio, S/N de Carballo.

**Quinto.-** Convocar aos aspirantes admitidos/as para a celebración do exercicio da **fase de oposición (proba física de esforzo)** que terá lugar o **martes 28 de xullo de 2020**, as **10:00 horas**, no Pabellón Vila de Noia situado na Rúa Vila de Noia, S/N de Carballo.

**Sexto.-** Expoñer esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, e con carácter complementario na páxina web municipal [www.carballo.org](http://www.carballo.org).

**ANEXO I: Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal dun xefe de brigada para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	BLANCO GARCIA	ALEJANDRO	***4596**
2 (*)	COLLAZO MARTINEZ	JESUS MANUEL	***2906**
3	PAMPIN RODRIGUEZ	ALEJANDRO	***0933**

O aspirante identificado con (\*) que non ten presentado o **certificado médico**, ou no seu defecto, declaración á que se refire a base terceira, letra c) das Bases que regulan a convocatoria, deberá achegar o dito certificado ou, no seu defecto, declaración de que está en posesión das capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño do posto de traballo **antes do martes día 28 de xullo de 2020**, data de realización da proba física de esforzo.

**ANEXO II: Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal dun peón condutor para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	COLLAZO MARTINEZ	JESUS MANUEL	***2906**
2	MALLO RODRIGUEZ	ANTONIO	***3563**
3	VARELA PAZOS	MARCOS	***3508**

**ANEXO III: Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal de tres peóns para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI CODIF 2
1	BARCA BECERRA	LUIS	***3460**
2	BLANCO GARCIA	ALEJANDRO	***4596**
3	CAAMANO BERMUDEZ	MARIA CARMEN ESTHER	***1724**
4	CORGO CALVO	PABLO	***3536**
5	COUTO VERES	MARIA DEL MAR	***3797**
6	IGLESIAS REY	JOSE RAMON	***6329**
7	MARTINEZ CAAMANO	JAVIER	***0340**
8	MAS MARINO	JOSE	***8621**
9	PICHEL SAENZ	CRISTOBAL	***2260**
10	PINA LOUREIRO	GUSTAVO	***5716**
11	VARELA PAZOS	MARCOS	***3508**
12	VEGA BENITEZ	JOSE	***2671**

**ANEXO IV: Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal de tres operarios de motobomba.**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI CODIF 2
1	AMARELLE GESTO	IVAN	***8973**
2	CAMBON BERTOIA	PABLO	***2585**

3	CARBALLO CAMIÑO	ALBERTO	***0496**
4	LOPEZ FERNANDEZ	ALEJANDRO	***3110**
5	MENDANA LOPEZ	JOSE PABLO	***5984**
6	MORIN JIMENEZ	ANTONIO	***1652**
7	RUIZ MANGAS	JUAN MANUEL	***3061**
8	SUAREZ GONZALEZ	ROBERTO	***3035**

**ANEXO V: Listaxe definitiva de aspirantes excluídos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal dun xefe de brigada para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	BARALLOBRE PAZOS	SOFIA	***3577**

**Causa de exclusión:**

Non aboamento das taxas en concepto de dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias (Base 4.2.a, BOP nº 103 do 08/07/2020). A ausencia do abono dos dereitos de exame dentro do prazo de presentación de instancias determina a exclusión do aspirante e non pode ser obxecto de subsanación por imposibilidade material.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde  
Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario/a Accidental  
Susana Mariño Lorenzo

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.  
Secretaria Accidental  
Susana Mariño Lorenzo